

Recomendación dirixida ao Concello de Sanxenxo para que efectúe medición sonométrica no interior da vivenda da afectada pola inmisión sonora procedente da depuradora “XXX”, verificando o cumprimento da normativa en vigor sobre recepción de ruído en cada un dos horarios de funcionamento da actividade, elemento por elemento; e que se despois de comprobados os anteriores aspectos continuaran as molestias por ruídos procedentes da mesma, cumpra a súa obriga de comprobar tales circunstancias e no seu caso as corrixa, se é preciso coas sancións que correspondan e adoptando as medidas cautelares pola reiteración das infraccións que procedan, tramitando os expedientes incoados en tempo e forma

E recordatorio de deberes legais para que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo, conteste expresamente os escritos presentados pola representada neste expediente de queixa e en xeral, no seu caso, todos os escritos presentados pola cidadanía

Expediente: C.8.Q/5356/22

Santiago de Compostela, 9 de abril de 2024

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de D. XXX, actuando en nome e representación de XXX referente a ruídos e molestias dunha depuradora de moluscos no casco urbano do Concello de Sanxenxo.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que:

*“EN PLENO CASCO URBAN ESTÁ UBICADA UNHA DEPURADORA DE MOLUSCOS QUE NON PARA DE VULNERAR O DEREITO DE DESCANSO DOS VECIÑOS A TODAS HORAS SEN LIMITE DE HORARIOS, GRITOS, MOTORES, GOLPES, CAMIÓN CON NEVEIRAS PRENDIDAS DE NOITE. ETC, UNHA AUTÉNTICA PESADELA, FIXEN VARIAS RECLAMACIÓNS O CONCELLO SEN DARME UNHA SOLUCIÓN.*

*A DEPURADORA ESTÁ NO CENTRO DUN CASCO URBAN E SOMOS VARIOS VECIÑOS QUE ESTAMOS AFECTADOS POR ESTE PROBLEMA, EU MESMO FALEI COS PROPIETARIO PARA QUE TRABALLESEN NUN HORARIO ADECUADO XA QUE ESTAN DIA E NOITE SEN RESPECTAR O DESCANSO CIDADAN, TAMÉN FUN IGNORADO POLO MESMO CONCELLO E XA NON SEI QUE MÁIS FACER, POR CULPA DESTE MOTIVO MOITOS DIAS ACUDO O MEU TRABALLO SEN DURMIR.”*

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que nolo remitiu:

*“Visto o escrito presentado pola Valedora do Pobo en relación ao expediente de referencia, motivado ás denuncias presentadas por D. XXX, en nome e representación de XXX, por mor das molestias que lle ven ocasionando unha depuradora de moluscos que se atopa no lugar de XXX -Sanxenxo, por medio do presente infórmase:*

#### ANTECEDENTES

*a) O inmovible no que se ubica a actividade denunciada atópase no lugar XXX- Sanxenxo (Pontevedra), con referencia catastral núm. XXX, constando no catastro como data de construción o ano 1988.*

*b) Na referida edificación presentouse no ano 1987 solicitude de licenza de actividade por D. XXX, para apertura dunha depuradora de moluscos (expediente municipal núm. XXX), sendo concedida licenza provisional na data do 21 de novembro de 1991 e licenza definitiva na data do 25/06/2004.*

*c) Con data do 2 de maio de 2013 pola mercantil XXX presentouse comunicación de cambio de titularidade da licenza anteriormente referida, notificándose á referida mercantil a inscrición do cambio de titularidade da licenza con data de 21 de xuño de 2013.*

*d) Nos antecedentes obrantes neste concello figuran varios escritos de queixa presentados por XXX polas molestias ocasionadas polos rúidos xerados pola actividade da depuradora (XXX).*

*Igualmente, pola Policía Local fixéronse diversas actuacións, recolléndose nos informes que se indican:*

Data	Número de parte de servicio
28/09/2021	1398
27/10/2021	1499

01/12/2021	1641
23/12/2021	1778
30/12/2021	1807
30/12/2021	1395

- e) *Por parte deste concello, con data do 02/12/2021, remitiuse requirimento á mercantil XXX, poñendo en coñecemento dos mesmos a existencia de varias queixas por ruídos procedentes da súa actividade, requirindo a aportación dun certificado de illamento acústico, emitido por empresa homologada, para verificar o cumprimento da ordenanza de protección contra a contaminación acústica.*

*Con data do 10/12/2021 pola referida mercantil achegouse escrito no cal se manifestaba que procedería a revisar as máquinas para unha nova posta a punto e achegábase albarán da mercantil XXX, relativa a revisión e reparacións encargadas por XXX*

- f) *Con data do 27/09/2023, polo que subscribe, emitiuse informe xurídico, ao terse verificado que non se dera solución aos problemas derivados da actividade, indicando a procedencia de requirir a XXX para que, nun prazo de vinte días, un informe de ensaio ou certificado de illamento acústico, realizado por empresa ou entidade segundo os criterios esixidos na normativa autonómica e na Ordenanza de Protección Contra a Contaminación Acústica do Concello de Sanxenxo, co fin de verificar o correcto cumprimento da actividade.*
- g) *Con data do 29/09/2023 por parte de Sr. Alcalde remitiuse requirimento á mercantil XXX no sentido indicado, practicándose a notificación pola Policía Local, ao non terse recollido en sede pola mercantil interesada, na data do 17 de outubro de 2023.*

*Actualmente estase pendente de recibir a comunicación da mercantil interesada para a realización da medición acústica requirida toda vez que se atopa en prazo para elo. No caso de darse cumprimento ao prazo outorgado sen que se produza a referida comunicación, por parte deste concello procederase á adopción das medidas oportunas."*

Co fin de avanzar, efectuáronse diferentes xestións co ente local na procura de mitigar unha solución á problemática exposta polo promotor do expediente, que culminaron na data do 23 de xaneiro do ano en curso coa incorporación dun informe municipal, xunto co informe acústico de impacto ambiental, realizado a instancias da mercantil, que foron trasladados ao promotor a efectos de que formulara alegacións.

Transcríbese a continuación o informe municipal:

*“Vistos os escritos formulados pola Valedora do Pobo sobre denuncias do funcionamento da actividade de depuradora de moluscos; o asesor xurídico do Concello de Sanxenxo ven a subscribir o seguinte INFORME :*

*En escrito de quen subscribe do 24 de outubro de 2023, se poñía de manifesto do requirimento á mercantil para a realización dun informe de ensaio ou certificado de illamento acústico, realizado por empresa ou entidade segundo os criterios esixidos na normativa autonómica e na Ordenanza de Protección Contra a Contaminación Acústica do Concello de Sanxenxo, co fin de verificar o correcto cumprimento da actividade. Dita medición foi realizada o día 17 de novembro de 2023, pola empresa especializada XXX, en presenza da Policía Local do Concello de Sanxenxo.*

*Polo representante da mercantil interesada o 18 de xaneiro de 2024, preséntase no rexistro electrónico do Concello de Sanxenxo (nº entrada 2024-E-RE-364) escrito, o que se acompaña o informe acústico de impacto ambiental, realizado por dita empresa.*

*A conclusión de dito informe indica que os niveles de ruído rexistrados en todos os puntos de medición pola actividade das instalacións atópanse por debaixo dos límites máximos establecidos na normativa aplicable.*

*Todo o que se comunica aos efectos oportunos.*

*“INTERESADO: XXX*

*SITUACIÓN: XXX – SANXENXO*

*REF. CATASTRAL: XXX*

*Vistos os escritos formulados pola Valedora do Pobo sobre denuncias do funcionamento da actividade de depuradora de moluscos; o asesor xurídico do Concello de Sanxenxo ven a subscribir o seguinte INFORME :*

*En escrito de quen subscribe do 24 de outubro de 2023, se poñía de manifesto do requirimento á mercantil para a realización dun informe de ensaio ou certificado de illamento acústico, realizado por empresa ou entidade segundo os criterios esixidos na normativa autonómica e na Ordenanza de Protección Contra a Contaminación Acústica do Concello de Sanxenxo, co fin de verificar o correcto cumprimento da actividade.*

*Dita medición foi realizada o día 17 de novembro de 2023, pola empresa especializada XXX, en presenza da Policía Local do Concello de Sanxenxo.*

*Polo representante da mercantil interesada o 18 de xaneiro de 2024, preséntase no rexistro electrónico do Concello de Sanxenxo (nº entrada 2024-E-RE-364) escrito, o que se acompaña o informe acústico de impacto ambiental, realizado por dita empresa.*

*A conclusión de dito informe indica que os niveles de ruído rexistrados en todos os puntos de medición pola actividade das instalacións atópanse por debaixo dos límites máximos establecidos na normativa aplicable.”*

#### **INFORME POLICIA LOCAL 17/11/2023**

*“Concepto solicitado: Solicitud de Mediciones Acústicas*

*Informe:*

*Que sendo sobre las 22:05 horas del Viernes día 17/11/2023 y a tenor de lo solicitado por el Concello de Sanxenxo en Expediente Nº XXX en base a la solicitud de mediciones acústicas a la empresa denominada "XXX"(Depuradora de Moluscos) sita en XXX de Sanxenxo con licencia de actividad: 181-06/87 por la empresa externa denominada "XXX" (Control de Ruidos) se puede observar que:*

*Una vez en el exterior del local se identifican al Director Técnico D.XXX de la empresa XXX y al Propietario-Gerente de la empresa "XXX" D.XXX, los cuales accedemos al interior de la fábrica observando que se encontraban dentro 4 operarios y una oficinista, estando las máquinas de agua funcionando y las operarias limpiando almeja en una de las cintas; diciendo el Director técnico que las mediciones se harían en el exterior de la fábrica diferentes puntos y varias veces. Una vez en el exterior se constata para la realización de las mediciones que toda la fábrica está cerrada perimetralmente y las mediciones se realizan en seis puntos de su perímetro exterior y tres repeticiones en cada uno de los puntos señalados, dejando constancia de ello en las fotografías adjuntas, finalizando dichas mediciones a las 22:35 horas; diciéndonos que se iba a volver a realizar el mismo procedimiento a las 23:00 horas ya que es el horario nocturno. Decir que entre la medición cuarta y quinta se iba a proceder a hacer otra pero se descartó ya que estaba muy pegada al alcantarillado que provenía de dicha fábrica y era por donde salía el agua de la depuradora; de las cubas de llenado y vaciado haciendo mucho ruido.*

*Seguidamente se procede a efectuar por parte del Director técnico en el interior de la fábrica una creación de zona de aislamiento con sendas mediciones en interior y exterior como también se muestran en las fotografías adjuntas; finalizando dichas comprobaciones de aislamiento a las 22:40 horas. Por parte del Policía Actuante se le hace la observación al director técnico si se iba a proceder a hacer alguna medición detrás de la fábrica diciendo que al ser una propiedad privada no se haría y solo sería en el exterior.*

*Como las siguientes comprobaciones se iban a efectuar a partir de las 23 horas (en horario nocturno) y acabábamos el servicio, se dio traslado a los Policías entrantes de turno de noche con NIP: XXX y XXX los cuales observaron que se efectuaron las mismas 6 mediciones en los mismos puntos y las mismas repeticiones (3 en cada una de ellas), empezando a las 23:10 y acabando sobre las 23:35 horas, momento en que se dio por finalizadas dichas mediciones.”*

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta nos informes da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

**Primeira:** O promotor deste expediente cando se dirixe á Valedora do Pobo, 12 de agosto do 2022, manifesta que sobre a problemática en que se basea a queixa xa formulara fai tempo diferentes escritos dirixidos ao Concello de Sanxenxo e malia o tempo transcorrido non obtivera resposta polo que o problema de ruídos xerados pola depuradora persistía.

Logo de ser subsanados os defectos formais, e remitida a correspondente copia da documentación, o 2 de maio do 2023, admitida a trámite a queixa, iniciouse a investigación solicitando o preceptivo informe a ese concello.

Efectuados diferentes requirimentos, sete meses despois, o 18 de decembro do 2023 incorporouse o informe remitido polo Concello de Sanxenxo.

Posteriormente, o 23 de xaneiro do ano en curso recibimos un segundo informe achegando o o informe acústico efectuado a instancias da mercantil XXX, que foron valorados e remitidos na súa literalidade ao promotor deste expediente, quen formulou alegacións.

**Segunda :** A problemática desta queixa cómpre abordala cun dobre enfoque. Por unha banda a falta de resposta ás reiteradas queixas presentadas nese concello en diferentes datas dende

o ano 2021 das que o promotor refire non ter recibido resposta algunha malia o amplo período de tempo transcorrido; asunto que non é desvirtuado en ningún dos dous informes remitidos polo ente local, e sobre o que se formulará unha resolución, que máis adiante se concretará.

E por outra o problema da contaminación acústica ocasionada pola mercantil XXX.

**Terceira:** No primeiro informe remitido polo concello consta que:

*“... Nos antecedentes obrantes neste concello figuran varios escritos de queixa presentados por D.ª XXX polas molestias ocasionadas polos ruídos xerados pola actividade da depuradora (27/10/2021, R.E. 2021-E-RC-12362; 01/12/2021, R.E. 2021-E-RC-13479; 30/12/2021, R.E. 2021-E-RC-14197; 06/07/2022, R.E. 2022-E-RC-6248; 12/08/2022, R.E. 2022-E-RC-7268; e 06/10/2023, R.E. 2023-E-RC-8866).*

*Igualmente, pola Policía Local fixéronse diversas actuacións...”*

E tamén consta nese primeiro informe remitido polo Concello de Sanxenxo, que *“...Con data do 10/12/2021 pola referida mercantil achegouse escrito no cal se manifestaba que procedería a revisar as máquinas para unha nova posta a punto...”*

E non foi ata, máis de ano e medio despois, o *“... 27/09/2023, polo que subscribe, emitíuse informe xurídico, ao terse verificado que non se dera solución aos problemas derivados da actividade, indicando a procedencia de requirir a XXX para que, nun prazo de vinte días, un informe de ensaio ou certificado de illamento acústico...”*

Nas alegacións presentadas polo promotor desta queixa en febreiro do ano en curso, unha vez se trasladou o informe acústico efectuado a instancias de XXX, sinalase, entre outros extremos: *“O día que fixeron esas probas de son acústico, estaba o dono de Depuradora XXX acompañado de dous Policía Locais e un operario do concello.*

*Dita depuradora estaba totalmente apagada, sen motores, ventiladores, camións, ni empregados da depuradora...”*

No informe da Policía Local de 17/11/2023, consta:

*“Entre la medición cuarta y quinta se iba a proceder a hacer otra pero se descartó ya que estaba muy pegada al alcantarillado que provenía de dicha fabrica y era por donde salía el agua de la depuradora; de las cubas de llenado y vaciado haciendo mucho ruido.”*

**Cuarta:** Evidénciase pois, pola cronoloxía dos feitos, que dende outubro do ano 2021 en que se denuncian no rexistro municipal do concello os ruídos da referida depuradora, a problemática persiste e os diferentes escritos de denuncia non son respondidos.

**Quinta:** No informe acústico aportado por la mercantil non consta a determinación do nivel de ruído transmitido ao entorno, nomeadamente á vivenda da persoa representada polo promotor deste expediente debido á actividade que se leva a cabo nas instalacións da depuradora "XXX", sita na rúa XXX do Concello de Sanxenxo, nin que a medición se efectuara verificando o funcionamento elemento por elemento e coa totalidade da maquinaria e o persoal traballando tanto en horario diurno como vespertino ou nocturno.

Non consta efectuada medición sonométrica de recepción do ruído ou inmisión sonora nin no interior da vivenda en cuestión, nin en vivenda outra algunha, malia que a zona na que se ubica a mercantil é residencial, o que motivará a resolución que se formulará.

**Sexta:** A veciñanza, ten dereito á intimidade persoal no ámbito domiciliario, ten dereito a un medio ambiente adecuado e a protección da calidade de vida e ten dereito á saúde en relación co descanso.

Tal e como indicamos reiteradamente nos Informes ao Parlamento de Galicia, as comprobacións das transmisións de ruídos ás vivendas deben facerse cando tal cousa se denuncia polas persoas afectadas, é dicir, no preciso intre en que está a prexudicarlles con niveis inadecuados de ruídos, cometendo con iso unha infracción administrativa. Esta comprobación debe facerse cando se dea a denuncia, posto que noutro momento non ten sentido, e neste caso, realizáronse diferentes queixas ao ente local en diferentes datas dende o ano 2021 ata a actualidade.

A necesidade de control do desenvolvemento da actividade así como das posibles infraccións, que no seu caso se produzan se deduce da natureza das licenzas, o que obriga aos concellos a facer unha vixilancia continuada.

A través deste instrumento de control continuado protéxese o interese público, facendo compatibles a actividade económica que está a desenvolverse pola mercantil, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas, por outra.

As licenzas deben garantir a ausencia de prexuízos ao longo da vida da actividade. Co seu outorgamento non termina o labor do ente local; a licenza abre unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o da veciñanza o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita de toda licenza municipal de funcionamento.



A persoa que presentou a queixa e a súa familia están demandando a preservación de dereitos fundamentais, os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1) e á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e tamén se reclama a preservación doutros dereitos constitucionais, como a protección da saúde (art. 43.1) e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2), polo que o cumprimento das obrigas da administración ten que ser rigoroso.

## CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Sanxenxo a seguinte **RECOMENDACIÓN**:

*“Que efectúe medición sonométrica no interior da vivenda da afectada pola inmisión sonora procedente da depuradora “XXX”, verificando o cumprimento da normativa en vigor sobre recepción de ruído en cada un dos horarios de funcionamento da actividade, elemento por elemento; e que se despois de comprobados os anteriores aspectos continuaran as molestias por rúidos procedentes da mesma, cumpra a súa obriga de comprobar tales circunstancias e no seu caso as corrixa, se é preciso coas sancións que correspondan e adoptando as medidas cautelares pola reiteración das infraccións que procedan, tramitando os expedientes incoados en tempo e forma”*

E o seguinte **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS**:

*“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo, o Concello de Sanxenxo debe contestar expresamente os escritos presentados pola representada neste expediente de queixa e en xeral, no seu caso, todos os escritos presentados pola cidadanía”*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación das resolucións formuladas, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia,



dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

M<sup>a</sup> Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo